



O ACENTO DIACRÍTICO

Escrebe a forma verbal en presente de indicativo que corresponda en cada caso.

- Xiana, paréceme que _____ (VER) mal, tes que ir ao oculista.
- Meu curmán Xián _____ (VIR) durmir á miña casa moitas fins de semana.
- Se ti non _____ (VIR) comigo, non vou á festa.
- Eles non _____ (VER) a televisión pola noite; déitanse á súa hora.

Marca as oracións en que a palabra destacada está correctamente acentuada.

- | | |
|---|---|
| ☐ O gato durmiu fora da casa hoxe. | ☐ Tiña presa e non parou a falar. |
| ☐ Para esta torta cómpren dez ovos. | ☐ Xa nos avisaron do corte de luz. |
| ☐ Nós marcharemos sobre as oito. | ☐ Manqueime no pe ao saltar o valo. |

Clica nas palabras que deban levar acento diacrítico:

- Chegamos a casa **as** cinco en punto para recollelos e tiñan **as** maletas sen facer.
- Esas bandexas son demasiado **chas**, non **chas** recomendo para servir o cocido.
- Se me **da** tempo, despois **da** merenda vou facerche unha visita.

Completa coa forma axeitada en cada caso.

é / e

máis / mais

- | | |
|--------------------------------------|-----------------------------------|
| • A titoría _____ de cinco a seis. | • Quero _____ leituga. |
| • Non o movas, _____ fráxil. | • Non o pediu _____ desexábao. |
| • Sabela _____ Roi xa marcharon. | • Canto _____ leo _____ me gusta. |
| • Cando _____ a carreira? | • Busqueino _____ non o atopei. |
| • Fai a cama _____ recolle o cuarto. | • Tardou _____ de dúas horas. |
| • Marchou _____ non volveu. | • Xogou _____ estaba lesionado. |

Pasa estas oracións de negativas a afirmativas. Ten en conta que as formas con diacrítico deben manter o acento gráfico.

- Non me **dás** medo. ► _____
- Non me **vén** buscar el. ► _____
- Non vos **é** moi amable. ► _____
- Non lle **dá** a gana. ► _____